



CATÁLOGO + ESCÉNICAS 2024

CULTURACTIVA

PÚBLICO FAMILIAR

PÍSCORE

Molto Barroco

DIRECCIÓN: FRAN REI

ELENCO: PEPE VARELA, DIEGO ROSAL,
FÉLIX RODRÍGUEZ, PABLO CABANELAS

*SELECCIONADO NO CERTAME BARROCO INFANTIL DO FESTIVAL
INTERNACIONAL DE TEATRO DE TEATRO CLÁSICO DE ALMAGRO.*

Volve un dos grupos máis divertidos de Galicia para todas as idades cunha nova peza chea de risas e sorprendentes números cómico-musicais. Píscore dá un novo paso adiante coa súa mellor peza mellorando a súa producción escénica, visual e cómica.

Molto Barroco é un esmendrellante paseo pola excelencia da música barroca mesturada con gags cómicos de primeiro nivel.

PÚBLICO: FAMILIAR

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 55'

+INFO

>VÍDEO

+ESPECTACULOS



CULTURACTIVA PRODUCCIÓN Mais Saaabor

DIRECCIÓN: AVELINO GONZÁLEZ

ELENCO: FÉLIX RODRÍGUEZ, FRAN REI

Logo de máis de 150 funcións de Saaabor! o mesmo equipo de creadores volve ao ataque coa súa creación más saborosa. Fran Rei e Félix Rodríguez retornan aos fogóns baixo as ordes do chef Avelino González para achegarnos un espectáculo totalmente orixinal, divertido e sorprendente cheo de humor, música e maxia.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 60'

+INFO

>VÍDEO

+ESPECTACULOS



CULTURACTIVA

CULTURACTIVA PRODUCCIÓN Castelao

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA

ELENCO: MÓNICA CAMAÑO, CRIS COLLAZO

Castelao é unha figura capital da historia das artes en Galiza e non contaba ata agora cunha proposta escénica para a infancia. Vimos a poñer remedio a isto cun gran equipo: un texto de Paula Carballeira coa dirección de Fina Calleja e con Mónica Camaño e Cris Collazo en escena. Presentamos un Castelao divertido e aventureiro, un pirata con arriscadas aventuras no peirao de Rianxo que resolve grazas ás súas multiples capacidades os problemas que se lle presentan.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 60'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TACULOS



CULTURACTIVA

BANDULLO AZUL

Vicki e a felicidade

DIRECCIÓN: MARCOS ORSI

ELENCO: FRAN CAMPOS, FRAN AMEIXEIRAS

Unha peza que nace con moito talento: Marcos Orsi na dirección, Xoque Carbajal na producción, Diego Valeiras no vestiario, Culturactiva na distribución e o bo facer de Bandullo Azul.

Vicki, un neno a quen lle encanta bailar e cantar, vive nunha aldea onde as persoas están sempre de mal humor. Un día, despois dunha conversa coa súa avoa, emprende unha viaxe na procura do segredo da felicidade, coa idea de devolverlle a alegria á xente da aldea. Unha viaxe chea de personaxes curiosos, de humor, maxia e música onde a importancia da empatía, da igualdade e dos cuidados está no centro da historia, xa que, xustamente todo isto, é o que consigue mellorar as nosas vidas e a das persoas que nos rodean.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS



CULTURACTIVA

BAOBAB TEATRO Ás para Álex

DIRECCIÓN: ÓSCAR FERREIRA

ELENCO: CORA VELASCO, XOSE ESPERANTE

“Ás para Álex” é unha das pezas que só a sensibilidade e calidade de Baobab Teatro poden crear. Un novo fito dunha das más destacadas compañías do teatro familiar galego.

Álex é un neno de 8 anos cunha increíble vitalidade que, de repente, comeza a atoparse sen forzas e cae enfermo. Na obra veremos como, coa axuda de Laura, atopa forzas para loitar.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TACULOS



CULTURACTIVA

BAOBAB TEATRO Palabras

DIRECCIÓN: ÓSCAR FERREIRA

ELENCO: IRIA PIÑEIRO, ANDREA BAYER, DAVIDE GONZÁLEZ

Un espectáculo cun gran repertorio musical que fai que todo o mundo acabe cantando, rindo e bailando. "Palabras" non pretende ser só un espectáculo en lingua galega, esta obra enrédate para saír falando no noso idioma e continuar nos fogares xa que poden levar a música, coas letras, poesías, enredos e cantigas que se abordan ao longo do espectáculo, quedando expresos os seus contidos sociolingüísticos.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 40'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TACULOS



CULTURACTIVA

BAOBAB TEATRO Puño Puñete

DIRECCIÓN: ÓSCAR FERREIRA

ELENCO: ANDREA BAYER, DAVIDE GONZÁLEZ

Música en directo, cantigas, contos e tradición oral. O punto de partida é un diálogo rimado que moita xente coñecerá: "Puño, Puñete, que tes por dentro? / Pan e fermento! / Puño, Puñete, que tes por fóra? / Pan e cebola!". Baobab convida aos cativos e cativas coas súas familias a descubrir un mundo de sensacións e emocións. O espectáculo está pensado para público de 1 a 7 anos e apoiado cun disco, respectando un dos principios de Baobab Teatro: a súa crenza na palabra, na música e as cantigas como medio de comunicación dende que nacemos, dende o berce.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: NARRACIÓN ORAL

DURACIÓN: 35'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS



BAOBAB TEATRO Luppo

DIRECCIÓN: ÓSCAR FERREIRA

ELENCO: ANDREA BAYER, XOSÉ MANUEL ESPERANTE

Un home maior que vive só e todos os días ás 12 prende o seu gramófono para escutar a mesma canción de ópera. Ten un amigo, Tulún, un neno de 5 anos que todos os días a esa hora vai visitalo e levarlle pan, leite e o xornal. Luppo cóntalle historias fascinantes da súa vida e segredos que agocha no seu gramófono. Un día Tulún chega a casa de Luppo e este non está ...

PÚBLICO: FAMILIAR

ESTILO: TEATRO FAMILIAR

DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TACULOS



CULTURACTIVA

VELLA ESCOLA

Ópera Break's

ELENCO: ESPERANZA MARA E ARTISTAS DO COLECTIVO
VELLA ESCOLA

A Vella Escola e a soprano Esperanza Mara unen forzas para crear unha proposta única dentro da cultura galega. Rap, Beatbox, Picadiscos e Breakdance mesturadas coa impresionante voz da cantante de ópera Esperanza Mara. Unha proposta chea de ritmo, orixinalidade e momentos dunha gran plasticidade musical e física.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: OUTROS
DURACIÓN: 60'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

SU.MA Glamping

DIRECCIÓN: GONÇALO GUERREIRO

ELENCO: SUE MORENO, MARÍA MOVE, MARK TORRECILLAS

SELECCIONADO NA FEIRA DE TEATRO DE CASTELA E LEÓN.

Tres amigos con tres personalidades moi distintas embárcanse na aventura de pasar unhas vacacións xuntos. Pero a convivencia non sempre é cousa fácil, e os conflitos toman parte na escena cotiá dos campistas. Superarán os nosos personaxes o reto de compartir un espazo común con elegancia?

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS



CULTURACTIVA

MUU Crunch 2

DIRECCIÓN: NATALIA OUTEIRO “PAJARITO”
ELENCO: DANIEL BLANCO, ÓSCAR PÁEZ

Novo circo, clown, malabares diarios para chegar a fin de mes, saltos mortais, golpes e caídas para un espectáculo todoterro. Os nosos superheroes Spunk e Scrunch aseguran unha boa captura de gargalladas. Non poden garantir nada máis, pero tal como está o conto isto xa parece bastante.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

CIRCO CHOSCO

Oh-pera

DIRECCIÓN: ARITZA RODRÍGUEZ
ELENCO: ARIÑE AZKUE, ÓSCAR PÁEZ

GANADORES DO CERTAME INTERGALACTICO FESTACLOWN 2021

Circo Chosco, dirixidos por Aritz Rodríguez, dan un tremendo paso adiante na súa linguaxe circense. Unha das mellores compañías novas do noso circo que se gradúa cun espectáculo adulto repleto de calidade e delicadeza. Un show con acrobacias, danza, movementos, equilibrios cunha posta en escena orixinal e diferente que non esquece o humor habitual da compañía.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO

NOVO SHOW



CULTURACTIVA

DESASTRONAUTS

Circo Expresso 2

DIRECCIÓN: RAQUEL VEGANZONES, GIRISHO GORDON
ELENCO: RAQUEL VEGANZONES, GIRISHO GORDON

Dous eminentes artistas do circo esfórzanse por demostrar quen é o mellor. Girisho ten confianza, é entusiasta ... pero non moi intelixente. Raquel é estrita, metódica e moi hábil. Non se deterán ante nada para gañar a aprobación do seu público. Un espectáculo de circo áxil, divertido e moi habilidoso no que Raquel e Girisho usan trapecio, tela área, hula hoops e ... moito máis!

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 45'

+INFO >VÍDEO +ESPECTACULOS



CULTURACTIVA

SU.MA Ikigai

DIRECCIÓN: PABLO SÁNCHEZ
ELENCO: SUE MORENO

Técnicas aéreas de circo, cancións, teatro físico e moito humor acompañan un espectáculo sobre as dificultades da conciliación para unha muller con fillas pequenas.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 50'

+INFO >VÍDEO



CULTURACTIVA

SUE MORENO 4.0

DIRECCIÓN: PABLO SÁNCHEZ
ELENCO: SUE MORENO

Técnicas aéreas de circo, cancións, teatro físico e moito humor acompañan un espectáculo sobre as dificultades da conciliación para unha muller con fillas pequenas.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

SEMPRE ARRIBA Hoxe si!

DIRECCIÓN: NATALIA OUTEIRO "PAJARITO"

ELENCO: MARTA IGLESIAS

Hoxe Si! Hoxe é o día. Temos un espazo de xogo, obxectos que soben baixan e flotan no ar. Música, circo, moito humor, ganas e moita actitude.

Hoxe Si! É unha invitación a xogar, a gozar, a soltarnos e desinhibirnos por un día, a vivir celebrando o momento presente. Porque a vida é agora...

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 45'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS



CULTURACTIVA

CIRKOMPACTO

Hell Brothers

DIRECCIÓN: WALTER VELÁZQUEZ
ELENCO: IVÁN CASANOVA, MALALA RICOY

Rejhuz e Glakghs Setén son fillos de Satán. Seu pai, farto de aturar a estes dous completos inútiles malcriados e aspirando a ser emérito por fin, decidiu botalos do inferno para que aprendan a gañarse o mal por si mesmos.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA



SIMPLEMENTE ENRICCO

Henriko o feiticeiro

DIRECCIÓN: SIMPLEMENTE ENRICCO
ELENCO: SIMPLEMENTE ENRICCO

Henriko é un peculiar feiticeiro, mago, bruxo, charlatán? Que sente que realiza trucos increíbles. Proezas que superan o entendemento humano. Pero en realidade é unha fraude de mago ao que mesmo os nenos lle cazan os trucos. Aínda así, sendo o único que segue crendo na súa maxia, ten a caradura de continuar co espectáculo como se todo estivese a saír segundo o planeado.

PÚBLICO: FAMILIAR
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

FRAN REI

Superheroe

DIRECCIÓN: AVELINO GONZÁLEZ

ELENCO: FRAN REI

Somos superheroes e superheroínas das nosas vidas cotiás, superar as dificultades cada día son a nosa grande xesta. Iso é o que nos conta Fran Rei a través do humor e da maxia. Os verdadeiros superheroes son os pais e as nais.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: MAXIA E NARRACIÓN

DURACIÓN: 55'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TACULOS



CULTURACTIVA

ISLA LETRISKA

Letriska Inmobile

DIRECCIÓN: AVELINO GONZÁLEZ

ELENCO: FRAN REI

Isla Le Triska combina disciplinas de Novo Circo e clown con excentricidades e xogos co público.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CIRCO

DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO

+ESPECTACULOS



CULTURACTIVA

KOTE MALABAR Cirkote

DIRECCIÓN: KOTE MALABAR
ELENCO: KOTE MALABAR

Circo de rúa e teatro, malabares e humor, sobre todo moito humor. O clásico e ben feito espectáculo de circo de rúa que todo artista debe ter en carteira.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO



RUDI DUDI Clownamorado


DIRECCIÓN: RJD VANMINSEL
ELENCO: RUDI JOSEF GERARD VANMINSEL

Sobe o pano, comeza a función. Pero nada más arrincar, o clown namórase tolamente dunha persoa do público. O seu corazón vai a mil, ponse tímido e nervioso e perde a concentración. O show cambalea e todo sae do revés, canto máis intenta impresionar ao/a seu/súa namorado/a, máis aumenta o caos.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO



FRAN BOZA

Malabarabilidades

DIRECCIÓN: FRAN REI
ELENCO: FRAN BOZA

Presentamos un auténtico portento do circo clásico e os malabares. Fran Boza estrea o seu primeiro espectáculo e vaite deixar abraiado pola súa calidade técnica. Presentamos ao auténtico rei dos malabares!

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

PATTY DIPHUSA

Superharte

DIRECCIÓN: MALALA RICOY
ELENCO: MALALA RICOY

Patty Diphusa é unha Hartista, con h maiúscula. E vén traernos un pouco de Harte, e moito de Hamor. Durante 50 minutos esta pequena gran Hartista intentará, literalmente, chegar ao máis alto, utilizando para iso todas as habilidades ao seu alcance: bailando, trepando, hinchando globos e incluso meténdose dentro deles!!!

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: CIRCO
DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

VERO RILO

Cacho animalada

DIRECCIÓN: VERO RILO

ELENCO: VERO RILO, LUÍS IGLESIAS

É unha sesión de narración oral e música para público infantil. A narradora Vero Rilo acompaña desta vez da guitarra e voz do multifacético Luis Iglesias. A tradición oral, o humor, o rock e a alegría fan cordada cun feixe de animais e animaladas pensadas para gozar en familia. Un espectáculo fresco e despreocupado para recargar enerxías.

PÚBLICO: INFANTIL

ESTILO: NARRACIÓN

DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO

+ESPECTACULOS



CULTURACTIVA

VERO RILO

Pelica de burra

DIRECCIÓN: VERO RILO

ELENCO: VERO RILO, LUIS IGLESIAS

Ano 2.735. Despois dunha increíble viaxe no tempo, Pelica de Burra aterra nun futuro sen xogos, sen contos, sen música... nun futuro terrible. Ante isto, decide regresar ao pasado para atopar as palabras perdidas: "Peliquiña Meee, por aquí non é!, por aquí tampouco, entón... por onde?" Este retrouso levarános cara a solución dun mundo sen diversión. Un espectáculo cheo de música, narración oral, tradición, xogos de colo, arrolos, igualdade e moito conto.

PÚBLICO: PRIMEIRA INFANCIA

ESTILO: NARRACIÓN

DURACIÓN: 30'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS

PELICA DE BURRA



CULTURACTIVA

VERO RILO

Elas

DIRECCIÓN: VERO RILO
ELENCO: VERO RILO

ELAS é un espectáculo de narración oral. Unha selección de historias de vida, de autora, tradicionais e de recollida da voz das mulleres que non tiveron nome pero que son cada unha de nós. Manuela, Elvira, Teresa. Son tres nomes. Son tres mulleres. Son coñecidas, descoñecidas, e reinventadas. Son elas.

PÚBLICO: FAMILIAR
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 60'

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS



CULTURACTIVA

MAGO TETO

Rock & Magic

DIRECCIÓN: MAGO TETO

ELENCO: MAGO TETO, MON ORENCIO, FER RISCO

Chega R&M con banda de rock e maxia en directo. Un show que mestura as dúas principais paixóns de Teto: o rock e a maxia.

Con Mon Orencio e Fer Risco na música e o Mago Teto na maxia chega un dos espectáculos con más ritmo e humor do ano.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: MAXIA

DURACIÓN: 70'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS



CULTURA
ACTIVA

MAGO TETO

Alquimia

PÚBLICO: FAMILIAR
ESTILO: MAXIA
DURACIÓN: 70'

+INFO >VÍDEO

As nosas letras

PÚBLICO: FAMILIAR
ESTILO: MAXIA
DURACIÓN: 55'

+INFO >VÍDEO



O camiño do afiador

PÚBLICO: FAMILIAR
ESTILO: MAXIA
DURACIÓN: 50'

+INFO >VÍDEO

Tolemaxias

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: MAXIA
DURACIÓN: 90'

+INFO >VÍDEO



TROULA ANIMACIÓN

O estrano caso do dentista da rúa Brasov

ELENCO: DIEGO ROCA

Un fantástico espectáculo cunha estética balcánica e de época moi conseguida. Un peculiar dentista chega á cidade con música, monicreques, un increíble carromato cheo de sorpresas e historias das súas víasxes polo mundo.
Poñede os dentes a cuberto!

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: PASARRÚAS

DURACIÓN: 50

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

TRÍO DETRÉS

Máis ritmo

DIRECCIÓN: FRAN REI

ELENCO: FÉLIX RODRÍGUEZ, OLIVIER CANO,
ÓSCAR PRIETO

Temas propios, versións de cancións populares, divertidos arranxos para un programa que transita por todos os estilos: latino, clásico, jazz, swing, bandas sonoras... Que acontece cando parte da banda chega tarde e despistada ao lugar do concerto? Unha sucesión de situacións cheas de humor, de improvisación, de solucións disparatadas, pero sempre acompañadas pola mellor música.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS

ESTILO: CÓMICO-MUSICAL

DURACIÓN: 55'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

PÚBLICO ADULTO

ARTEFEITO + CULTURACTIVA PRODUCCIONES + IGAXES Soños

DIRECCIÓN: TAMARA CANOSA

ELENCO: SARA FERRO, ANXO OUTUMURO, VICKY PÉREZ

Con texto de Fernando Epelde e a dirección de Tamara Canosa, Soños é a primeira obra teatral galega que trata a situación da mocidade tutelada en Galicia. A escrita provén do contacto directo do autor e a directora con rapaces e rapazas de vivendas tuteladas, levando as súas experiencias ao escenario para crear unha obra realista e con moito ritmo. Abrimos unha fiesta á vida, á esperanza e as felicidades, dificultades e Soños dalgunhas destas persoas.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 60'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

CULTURACTIVA + PALLASOS EN REBELDÍA

Vía Morta

DIRECCIÓN: EVA EGIDO

ELENCO: IVÁN PRADO, ANABELL GAGO, FRAN REI,
ROCÍO SALGADO

Vía Morta é unha experiencia inmersiva, unha montaxe que nos achega á realidade das persoas refuxiadas e na que o público é unha personaxe máis. A un campo onde unha médica agarda poder seguir a súa viaxe ata Europa chega un pallaso dunha ONG e, ante a desafiante mirada do policía de fronteira realiza a súa performance clown. A mirada inocente dunha nena que non entende o que está a acontecer desata os acontecementos.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 65'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TACULOS



CULTURACTIVA

CULTURACTIVA PRODUCCIÓN As Alumnas

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA

ELENCO: ANABELL GAGO, MÓNICA CAMAÑO

PREMIO NACIONAL DE LITERATURA DRAMÁTICA 2023

PREMIO FOLLAS NOVAS 2023 A MELLOR LIBRO DE TEATRO

PREMIO LUISA VILLALTA A PROXECTOS POLA IGUALDADE

Un espectáculo sobre xustiza social, memoria histórica, igualdade e resiliencia. Un fermoso artefacto escénico escrito por Paula Carballeira e dirixido por Fina Calleja. Mónica Camaño e Anabell Gago atópanse no pasamento da súa mestra, María Barbeito, e condúcennos por unha senda emocional que arrinca desde que se coñecen na escola antes da Guerra Civil ata os anos 70.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 70'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS



CULTURACTIVA

SARABELA

Made in Galiza

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA

ELENCO: FERNANDO DACOSTA, SABELA GAGO,
ELENA SEIJO, JOSITO PORTO

Sarabela leva a escena o recoñecido libro sobre a lingua galega do autor Sechu Sende. Unha comedia sobre o uso do galego que mestura a divulgación, a ironía e a realidade dun xeito perfecto.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 55'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS



CULTURACTIVA

SARABELA

O dragón de ouro

DIRECCIÓN: ANXELES CUÑA

ELENCO: FINA CALLEJA, FERNANDO DACOSTA,
SABELA GAGO, FRAN LAREU, ELENA SEIJO

O Dragón de Ouro é unha obra orixinal de Roland Shimmelphennig que chega por primeira vez aos nosos escenarios despois de terse represetando en máis de 40 países ao redor de todo o mundo. Aborda un tema candente no debate social contemporáneo: as migracións. Faino rachando moldes, mergullando aos espectadores e espectadoras nun universo fascinante, mudando as idades e os xéneros dos personaxes dun xeito moi cinematográfico, áxil e harmónico.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 75'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS

SARABELA
TEATRO



DIRECCIÓN

ÁNXELES CUÑA BÓVEDA

TRADUCCIÓN

CATUXA LÓPEZ PATO

O
DRAGÓN
DE OURO

BASEADA NA OBRA DE

ROLAND SCHIMMELPFENNIG



CULTURACTIVA

SARABELA

A cincuenta que non quería comer perdices

DIRECCIÓN: FINA CALLEJA

ELENCO: SABELA GAGO

FERNANDO DACOSTA

EVA TATO

A Cincenta tiña tantas, tantas gañas de ir á festa que ao final conseguiuno pero púxose tan, tan ansiosa que ao día seguinte non lembraba case nada. Pero alí estaban aqueles dous señores con zapatos de cristal de tacón de agulla agardando a que os probara. Que vertixe! E tivo que casar co príncipe. Ao príncipe encantábanlle as perdices, pero a Cincenta era vexetariana e tíñallas que cociñar de todos os xeitos possibles; á prancha, ao forno, recheas, fritidas... E o peor de todo, tiña que andar sobre aqueles zapatos de cristal de punta e dun palmo de altura.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 70'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS



CULTURACTIVA

SARABELA

Crónica do paraíso

DIRECCIÓN: GONÇALO GUERREIRO
ELENCO: ELENA SEIJO, FERNANDO DACOSTA,
FRAN LAREU, FINA CALLEJA, SABELA GAGO

O funeral de Madame de Quelven contextualiza un universo viaxeiro poboado por bandidos, armas, sexo, cartos e sangue. Ao ritmo de blues o crime compensa, porque os cartos compran todo, inclusive a propia morte.

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 60'

+INFO

>VÍDEO



A língua das bolboretas


DIRECCIÓN: R.J.G VANMINSEL
ELENCO: FERNANDO DACOSTA, ELENA SEIJO,
JOSITO PORTO, FRAN LAREU, SABELA GAGO,
FINA CALLEJA

Unha historia xa clásica que nos devolve a mirada a un mundo infestado de sufrimento dende a perspectiva dun neno. "Desta adaptación teatral de Sarabela sae unha esperanza indómita", así describe o aclamado escritor Manolo Rivas esta dramaturxia.

PÚBLICO: TODOS OS PÚBLICOS
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 70'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

VAS RIR

Cabaré Climático

ELENCO: CRISTIAN LEGGIERO, LUIS IGLESIAS, PATY LESTA

Moito se fala disto, pero que pasará cando chegue?
No 2075, o cambio climático é unha realidade. Alén das
repercusións que xa se supoñían, hai outras nas que ninguén
puido reparar. Como nos afectará nas relacións entre
individuos, nas de parella, no noso carácter...? Música en
directo e moito humor, para reflexionar...
ou simplemente para rir...

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: TEATRO

DURACIÓN: 55'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

BARROSANTA

Ragazzo

DIRECCIÓN: XAVIER CASTIÑEIRA
ELENCO: ANXO OUTUMURO

Un texto de Lali Álvarez dirixido por Xavier Castiñeira (Butacazero) con Anxo Outumuro. Ragazzo é unha historia real con nome e apelidos: Carlo Giuliani; un mozo activista italiano de 23 anos, asasinado a mans da policía, o 20 de xullo de 2001 nunha manifestación contra o cumio do G8 en Xénova. Ragazzo é unha oda á xuventude e á liberdade, un grito á vida, á dignificación das historias persoais e unha reivindicación da memoria colectiva.

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 70'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

DIANA SIEIRA

The Witch



DIRECCIÓN: DIANA SIEIRA
ELENCO: DIANA SIEIRA

Diana Sieira relata desde a comedia e a farsa a historia da caza de bruxas en Europa. Esta menciñeira, ocupada entre plantas e ungüentos, agarda polo seu xuízo mentres o público realiza pequenos rituais desde o patio de butacas antes de decidir a sorte final da muller: queremos queimar á bruxa ou desexamos a súa liberación? Humor con mensaxe e moita participación do público para un espectáculo realmente interesante.

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 70'



+INFO

>VÍDEO

CULTURACTIVA

LETI DA TABERNA

Enredada

DIRECCIÓN: LETI DA TABERNA
ELENCO: LETI DA TABERNA

Leti da Taberna trae o seu primeiro monólogo no que explora en ton irónico a nosa relación coas redes sociais e como nos inflúen no noso día a día. En galego e con perspectiva feminista, Enredadas enche o escenario de luz e enerxía, provocando que a espectadora se vexa identificada coas situacións que se presentan e acabe ríndose de si mesma.

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: MONÓLOGO
DURACIÓN: 60'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

VERO RILO

Tralalareira

ELENCO: VERO RILO, SANTI CRIBEIRO

TRALALAREIRA é un espectáculo de narración oral e música para público adulto. Nesta ocasión a narradora Vero Rilo acompaña de Santi Cribierto (Berrogüeto, Matto Congro, Os d ´Abaixo...) ao acordeón. Este espectáculo nace da boca dunha muller, da señora Isolina, Ai neniña, o que se contaba darredor dun lume, que dicía ela. Esa frase fixo prender a lareira, e que cociñásemos historias de vida, de tradición oral e contos de autor/a xunto con músicas para cantar acompañadas.

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: NARRACIÓN ADULTOS

DURACIÓN: 60'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS



CULTURACTIVA

VERO RILO

Elas

DIRECCIÓN: VERO RILO
ELENCO: VERO RILO

ELAS é un espectáculo de narración oral. Unha selección de historias de vida, de autora, tradicionais e de recollida da voz das mulleres que non tiveron nome pero que son cada unha de nós. Manuela, Elvira, Teresa. Son tres nomes. Son tres mulleres. Son coñecidas, descoñecidas, e reinventadas. Son elas.

PÚBLICO: FAMILIAR
ESTILO: NARRACIÓN
DURACIÓN: 60'

+INFO >VÍDEO +ESPECTÁCULOS



CULTURACTIVA

ISABEL RISCO

Bravas

DIRECCIÓN: FRAN REI
ELENCO: ISABEL RISCO

PREMIO FETEGA CARBALLINO A MELLOR ACTRIZ 2015.

PREMIO MESTRE MATEO 2013 A MELLOR

INTERPRETACION FEMENINA DE REPARTO.

III PREMIO LUISA VILLALTA DA DEPUTACIÓN DA CORUNA.

Bravas é unha producción teatral sobre mulleres sen medo, mulleres que forman parte dun clan que elas mesmas paren, amamantan, manteñen, constrúen cos alicerces da rebeldía, da rebelión, da ilusión, da valentía, da xustiza social, da empatía, da humanidade. Isabel Risco dá un paso adiante tras o éxito de Nabiza Girl cun espectáculo que combina o humor e o teatro con grandes textos de Paula Carballeira, Roi Vidal e Xurxo Barcala.

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: TEATRO
DURACIÓN: 80'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS



CULTURACTIVA



ISABEL RISCO

Nabiza Girl

DIRECCIÓN: ISABEL RISCO

ELENCO: ISABEL RISCO

Neste espectáculo coñecemos a Chelo García Naveira, más coñecida como Nabiza Girl, unha superheroína rural galega con denominación de orixe protexida e poderes que proveñen do sulfato!

PÚBLICO: ADULTO

ESTILO: COMEDIA

DURACIÓN: 45'

+INFO

>VÍDEO

+ESPEC
TÁCULOS



CULTURACTIVA

ARTEFEITO

Dúo Vaguedades

DIRECCIÓN: FRAN REI, ISABEL RISCO
ELENCO: FRAN REI, ISABEL RISCO

Isto é descoñecido para a meirande parte da poboación, pero Rosalía e Pondal conformaron o primeiro grupo de techno de Galicia. Dúo Vaguedades recupera os seus grandes hits.

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: TEATRO CÓMICO
DURACIÓN: 60'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA

AVELINO GONZÁLEZ

Varios

DIRECCIÓN: AVELINO GONZÁLEZ
ELENCO: AVELINO GONZÁLEZ

Actor, contador, monologuista, tradutor... Avelino González é o que faga falta. Empezou nisto por casualidade e agora gústalle incluso picar entradas. Gústalle entreter á xente con personaxes e historias que emocionen e divirtan porque a el tamén lle gusta que o emocionen e o divirtan. En televisión ten actuado en series como Serramoura, Pazo de Familia ou Padre Casares para a TVG e na TVE1 en Hospital central, Cuéntame ou Seis hermanas. Ademais de diferentes traballos para cine ou series web. En teatro actúa, dirixe e traduce, tendo varios premios por obras como Bicos con Lingua ou Comedia.

PÚBLICO: ADULTO
ESTILO: NARRACIÓN ADULTO
DURACIÓN: 50'

+INFO

>VÍDEO



CULTURACTIVA



CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org
www.culturactiva.org
+34 981 582 836